



INFORMACIÓN SOBRE PRAZO E MODO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE

**7 PRAZAS CAPATAZ DE CAMIÑOS – PROMOCIÓN INTERNA**

**1 PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES**

O acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 13 de marzo de 2020 na que se aproban as bases xerais sinala:

O prazo de presentación das solicitudes será de vinte (20) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial do Estado* (BOE)

Publicándose extracto da convocatoria no BOE núm. 231, do 27.09.2021 o **prazo de presentación de solicitudes abre as 00:00 do día 28 de setembro e remata as 23:59 horas do día 18 de outubro de 2021.**

**2 FORMA E LUGAR DE PRESENTACION DE SOLICITUDES (BASES XERAIS)**

**As persoas aspirantes unicamente poderán presentar a súa solicitude por medios telemáticos.**

**Presentación telemática:** na Sede Electrónica da Deputación de Lugo accedendo ao Catálogo de Servizos — Recursos Humanos – solicitude de promoción interna, alta de solicitude. Para este trámite deberán contar con certificado dixital e que os documentos que se deben incorporar coa solicitude sexan orixinais con código de verificación ou estean compulsados polo Rexistro.

As persoas, que non teñan incorporado ao libro de rexistro de persoal as acreditacións dos documentos que se sinalan a continuación, deberán achegar coa solicitude as seguintes acreditacións auténticas, validadas ou compulsadas:



## DEPUTACIÓN DE LUGO

a) A **titulación académica oficial** esixida na base específica 4: título de Bacharelato ou equivalente.

Ademais, deberán estar en posesión de acreditar o carné de conducir B.

b) O **nivel de galego** esixido na base específica 5.2: Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado. No suposto de non acreditalo deberá realizar a proba regulada na base específica 5.2.

c) **Certificado de discapacidade** no suposto de solicitar adaptación de probas.

Para calquera aclaración ou dúbida pode chamar a Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación Provincial a través de calquera dos seguintes números de teléfono 982 260 082 - 982 260 198 - 982 260 043.

**A XEFA DA SECCIÓN DE SELECCIÓN, PROMOCIÓN E CARREIRA**